

**REFORMA-TUR
PROGRAMA DE AXUDAS Á ADQUISICIÓN DE MATERIAIS PARA A REFORMA DE
ESTABLECEMENTOS HOTELEIROS EN GALICIA**

Guía para as entidades colaboradoras (establecementos de venda adheridos).

Historial de revisións:

<i>Data</i>	<i>Causa a revisión</i>
<i>24/01/2019</i>	<i>Redacción inicial</i>
<i>28/01/2019</i>	<i>Mensaxes da aplicación. Docs a entregar. Diagrama de estados.</i>

A presente Guía é unha ferramenta de traballo para aclarar o procedemento de solicitude de axudas para as entidades colaboradoras. En caso de calquera erro que leve a unha contradición entre as bases reguladoras e este texto, prevalecerán as bases publicadas no D.O.G. de data 28/01/2019

Para calquera aclaración recorde que o teléfono e email de atención do IGAPE son:

- Exclusivo Reforma-Tur: reformatur@igape.es
- Información xeral do Igape
 - 900 815 151
 - informa@igape.es

A relación actualizada de establecementos de venda adheridos está dispoñible en:

- www.igape.es/reformatur

1.- Introducción. ¿En qué consisten as axudas?

Son axudas do IGAPE a os titulares de establecementos hoteleiros cun máximo de 40 prazas, definidos no Capítulo II, artigo 4 (concepto de hoteis), artigo 6 (concepto de hoteis balneario) e artigo 7 (hotel talaso) do Decreto 57/2016 de 12 de maio situados na Comunidade Autónoma de Galicia, os establecementos de Turismo Rural segundo o Decreto 191/2004 de 29 de xullo situados no Camiño de Santiago, e os albergues privados situados no Camiño de Santiago, para a adquisición de materiais dirixidos á rehabilitación e reforma de establecementos hoteleiros, que ademais se complementarán con un desconto do propio establecemento de venda adherido a esta convocatoria.

En particular, para operacións de compra en establecementos adheridos de Galicia de:

- Materiais para rehabilitación de envolventes: fachadas, cubertas, porches, etc.
- Materiais e mobiliario suxeito a instalación de fixación, para a reforma de interiores e exteriores, cuartos de baño e cociñas.
- Sistemas de climatización, ventilación e auga quente sanitaria.
- Sistemas de iluminación
- Sistemas domóticos

Os bens obxecto de axuda deberán ser empregados na reforma mediante instalacións fixas e constituír un compoñente da obra a realizar. Non se subvencionarán elementos non fixos.

Quedan expresamente excluídos a man de obra da reforma e os electrodomésticos.

O prazo de presentación de solicitudes de axuda (que inclúen a documentación xustificativa e a solicitude de cobro) comezará o 28 de febreiro e finalizará o 30/4/2019, agás que se produza o suposto de esgotamento de crédito.

O prazo de execución do proxecto, entendido como o prazo no que se deben ter adquiridos os bens subvencionables, rematará o 30/5/2019.

O prazo de xustificación da axuda estenderase ata o 15/06/2019.

A contía da axuda será dun 25% sobre o prezo dos bens, impostos excluídos.

Para ser subvencionable unha operación de compra individual deberá acadar un custo mínimo de 10.000 € (sen incluír IVE).

A subvención máxima a percibir por beneficiario e establecemento será de 25.000 € nunha ou varias operacións de compra. No caso de que un mesmo beneficiario sexa titular de mais de un establecemento subvencionable en Galicia, poderá beneficiarse das axudas cos seus límites aplicados a cada establecemento.

Estas axudas tramítaranse coa axuda dos establecementos de venda destes bens que desexen ser entidades colaboradoras, para o cal deben reunir as condicións que esixe a convocatoria e solicitar adherirse ao convenio elaborado ao efecto.

O dereito a obter a axuda do IGAPE está condicionado a que o establecemento de venda adherido, (entidade colaboradora) realice un desconto na compra dos bens de polo menos a mesma contía que a axuda do IGAPE.

As axudas recollidas nesta base incardínanse no réxime de axudas de minimis establecido no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L 352, do 24 de decembro).

Exemplo:

Unha adquisición que inicialmente lle ía custar ao cliente 14.520 € (IVE incluído).

Factura sen plan Reforma-Tur:

Total produtos vendidos:	12.000,00 €	(sen IVE)
Base Imponible:	12.000,00 €	
21% de IVE:	2.520,00 €	
Importe a aboar polo cliente:	14.520,00 €	

Factura con plan Reforma-Tur:

A unha adquisición por importe de 12.000€ antes de impostos corresponderíalle unha rebaixa de importe 6.000€: O 25% da axuda do IGAPE, isto é 3.000€ e un desconto de polo menos a mesma contía do establecemento adherido isto é outros 3.000€.

Isto realizarase na factura desglosando os 3.000€ do punto de venda e os 3.000€ do IGAPE. Aplicándose o desconto sobre a base imponible do IVE e a axuda do IGAPE sobre o importe final. O prezo para o comprador sería de 6.000 € máis IVE (7.890 €), calculados como sigue:

Total produtos vendidos:	12.000,00 € (A) (sen IVE)
Programa Reforma-Tur : 25% de desconto da entidade colaboradora	3.000,00 € (B) (=25% A)
Base Imponible:	9.000,00 € (C) (=A-B)
21% de IVE:	1.890,00 € (D)
Total Factura:	10.890,00 € (E) (=C+D)
Programa Reforma-Tur: Axuda do Igape como cesión de crédito do beneficiario á entidade colaboradora	3.000,00 € (F) (=25% A)
Importe a aboar polo cliente:	7.890,00 € (G) (=E-F)

En **Anexo A Exemplo a esta Guía**, pode ver o exemplo de factura co Programa **Reforma-Tur**

2.- Condicións para acceder á axuda.

- Poderán ser beneficiarios destas axudas os titulares de:
 - a) Establecementos hoteleiros cun máximo de 40 prazas, definidos no Capítulo II, artigo 4 (concepto de hoteis), artigo 6 (concepto de hoteis balneario) e artigo 7 (hotel talaso) do Decreto 57/2016 de 12 de maio situados na Comunidade Autónoma de Galicia.
 - b) Os establecementos de Turismo Rural segundo o Decreto 191/2004 de 29 de xullo situados no Camiño de Santiago.
 - c) Os albergues privados situados no Camiño de Santiago.Os establecementos deben estar autorizados ou clasificados conforme establece a normativa turística no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Xunta de Galicia (REAT), cunha antigüidade no exercicio da actividade no establecemento para o que se solicita a subvención non inferior a cinco anos á data de publicación da convocatoria de axuda.
- A operación de compra individual deberá acadar un custo mínimo de 10.000 € (sen incluír IVE).
- Bens que poden ser obxecto de axuda:
 - Materiais para rehabilitación de envolventes: fachadas, cubertas, porches, etc.
 - Materiais e mobiliario suxeito a instalación de fixación, para a reforma de interiores e exteriores, cuartos de baño e cociñas.
 - Sistemas de climatización, ventilación e auga quente sanitaria.
 - Sistemas de iluminación
 - Sistemas domóticos
- Adquisición dos bens nunha tenda identificada como entidade colaboradora adherida ao Programa **Reforma-Tur**.
- A subvención máxima a percibir por beneficiario e establecemento será de 25.000 € nunha ou varias operacións de compra. No caso de que un mesmo beneficiario sexa titular de mais

de un establecemento subvencionable en Galicia, poderá beneficiarse das axudas cos seus límites aplicados a cada establecemento.

- Os bens obxecto de axuda deberán ser destinados, nun prazo de 6 meses desde a solicitude, á reforma ou nova instalación no enderezo do establecemento indicado na solicitude de axuda.
- Os bens obxecto de axuda deberán ser empregados na reforma mediante instalacións fixas e constituír un compoñente da obra a realizar. Non se subvencionarán elementos non fixos
- Os documentos xustificativos (factura e xustificante bancario de pago) deben reflexar o pago efectivo **entre o día de convocatoria das axudas** e o derradeiro día do prazo de xustificación.

A entidade colaboradora non terá dereito ao cobramento do importe que representa a axuda das operacións facturadas ou pagadas antes da data de **publicación da convocatoria de axudas** ou despois do último día do prazo de xustificación.

3.- Calendario

28/1/2019	29/1/2019	28/2/2019	28/3/2019	30/4/2019	30/5/2019	31/12/2019
Publicación no DOG	Abre o prazo de presentación de solicitudes de adhesión das entidades colaboradoras	Abre o prazo de presentación de solicitudes de axuda	Fin do prazo de presentación de solicitudes de adhesión das entidades colaboradoras	Fin do prazo de presentación de solicitudes de axuda	Fin do prazo de execución dos gastos	Fin de programa
						

PROCEDIMENTO DE ADHESIÓN

4.- Adhesión dun establecemento de venda como entidade colaboradora (IG258)

O prazo para solicitar a adhesión como entidade colaboradora é de 2 meses a partir do día seguinte ao de publicación da convocatoria no DOG. Sen embargo, recomendámoslle que se adhira o antes posible para que os seus datos comecen a aparecer na páxina do programa.

Poderán ser entidades colaboradoras os establecementos de venda de calquera dos bens obxecto da axuda. Deberán ser entidades privadas con personalidade xurídica, validamente constituídas, ou ben empresarios individuais sempre que, en ambos os dous casos, teñan o seu domicilio social ou algún centro de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia

Non poderán ser entidades colaboradoras as Sociedades Cívís, as Comunidades de Bens e outras entidades sen personalidade xurídica propia

Para lograr a solvencia técnica e económica, as entidades colaboradoras deberán dispor dos medios tecnolóxicos precisos que garantan o acceso á aplicación informática habilitada para a xestión de selección de entidades colaboradoras e para a tramitación das solicitudes de axuda, así como a utilización de medios electrónicos nas comunicacións entre as entidades colaboradoras e o Igape. As características técnicas exibibles poderán consultarse na oficina virtual do Igape (<http://tramita.igape.es>).

A entidade colaboradora debe ter en conta que a tramitación realizarase pola persoa/s que designe e que esta persoa/s debe estar provista do correspondiente certificado para asinar electrónicamente.

O establecemento de venda que cumpra os requisitos e desexe adherirse como entidade colaboradora deberá acceder á aplicación informática accesible desde a oficina virtual do Igape (<http://tramita.igape.es>) ou desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, para cubrir obrigatoriamente segundo o procedemento do Igape co código IG258 a solicitude de adhesión, na que se declarará a vontade de adherirse ao convenio publicado como anexo nas bases da convocatoria.

Nesta aplicación deberá enumerar un conxunto de persoas da súa organización que serán as autorizadas por parte da entidade colaboradora para tramitar telemáticamente e asinar electrónicamente as solicitudes de axuda e cobro das subvencións. Para poder realizar estas tarefas, as persoas citadas deberán estar provistas de certificado X509v3 dunha das entidades certificadoras das admitidas pola Consellería de Facenda (consultar en tramita.igape.es)

Solicitud de adhesión

O procedemento para a solicitude de adhesión como entidade colaboradora do Programa **Reforma-Tur**, ten o **código IG258**.

PASO 1.- Recomendase antes de empezar a tramitación:

- Leer este punto da guía (4) completo.
- Escanear os documentos que ten de subir a aplicación .pdf. :
 1. Escritura ou documento xuridicamente válido de constitución e de nomeamento do representante legal e estatutos debidamente inscritos no rexistro competente e modificacións posteriores destes.
 2. Certificado de situación censual emitido pola AEAT no caso de estar exento do imposto de actividades económicas (IAE).Telos a man para consultar os datos.
- Ter a man, para consultar os datos, copias de: NIF e IAE do establecemento, DNI do representante legal, DNI das persoas con firma electrónica, código IBAN do número de conta da entidade, na que de resultar adherido desexa lle sexan ingresados os pagos por parte de IGAPE.

PASO 2.- Cubrir o formulario de datos e subir a aplicación os seguintes documentos previamente escaneados en formato pdf.:

1. Copia da escritura de constitución e estatutos
2. Copia do documento acreditativo do poder suficiente do representante legal da entidade
3. Certificado da conta bancaria na que recibir as achegas do IGAPE (Código IBAN)
4. No caso de estar exento do IAE: copia da declaración censual

NOTA: se xa foi entidade colaboradora en programas anteriores, **e sempre que a documentación non cambiara**, o formulario permitiralle indicalo, co cal non terá por que xuntar documentación.

Nesta aplicación deberá enumerar un conxunto de persoas da súa organización que serán as autorizadas por parte da entidade colaboradora para tramitar telemática mente e asinar electrónicamente as solicitudes de axuda e cobro das subvencións. Para poder realizar estas tarefas, as persoas citadas deberán estar provistas de certificado X509v3 dunha das entidades certificadoras das admitidas pola Consellería de Facenda (consultar en tramita.igape.es).

PASO 3.- Debe presentar telemáticamente o expediente, utilizando a oficina virtual do IGAPE:

A data límite para a presentación, IG258, é o 28 de marzo do 2019.

A adhesión será notificada a través da aplicación informática coa mensaxe:

Entidade Colaboradora Adherida

Na páxina web do Igape, www.igape.es/reformatur poderase consultar a listaxe actualizada de entidades colaboradoras adheridas ao programa.

O usuario e contrasinal utilizados para o acceso a oficina virtual serán os válidos para despois realizar consultas na aplicación.

O Anexo I, recolle declaracións e autorizacións necesarias para consultar información, se non autoriza esta consulta debe presentar tamén:

5. Copia do NIF
6. Copia do último recibo do imposto de actividades económicas (IAE)
7. Copia do DNI do representante legal

Pode facelo pola aplicación, escaneado estes documentos e subindo os correspondentes arquivos en formato pdf.

5.- Documentación que terá que recopilar a entidade colaboradora, establecemento de venda, por cada operación de compravenda, para entregar ó IGAPE, e procesos a levar a cabo por esta.

As entidades colaboradoras son as encargadas de presentar a solicitude e a documentación xustificativa, para o cal se habilitará unha aplicación informática específica para o Programa Reforma-Tur. A entidade colaboradora deberá custodiar, durante 5 anos dende a finalización dos expedientes, a documentación correspondente as operacións realizadas, da que debe remitir copia dixitalizada ao IGAPE.

COMPROBACIÓN DE EXISTENCIA DE CRÉDITO

As entidades colaboradoras do Programa Reforma-Tur son as encargadas de tramitar o procedemento IG259 (presentar a solicitude e presentar a documentación xustificativa da actuación).

O comprador dirixirse a unha entidade colaboradora e seleccionará un conxunto de bens a adquirir que cumpra os requisitos mínimos esixidos nas bases. Na páxina web do Igape (<http://www.igape.es/reformatur>) estará dispoñible unha listaxe de entidades colaboradoras do Programa Reforma-Tur.

Unha vez tomada a decisión de adquisición de bens subvencionables coas condicións establecidas, a entidade colaboradora terá que:

- a) Comprobar que o comprador cumpre cos requisitos establecidos para poder ser beneficiario da axuda.
- b) Cubrir un formulario na oficina virtual do IGAPE, descritivo das circunstancias desa operación, co fin de confirmar a existencia de crédito. No caso de que un mesmo beneficiario solicite axuda para varios establecementos hoteleiros, deberase cubrir unha solicitude distinta para cada un deles. Non se admitirá, pois, que unha solicitude faga referencia a bens que se instalarán en varios establecementos hoteleiros.

Xunto co formulario achegaranse os seguintes documentos relativos ao solicitante da axuda:

- a) Autorización para que o IGAPE comprobe os datos de outras administracións incluídas no artigo 10 das bases reguladoras, asinada polo representante legal do establecemento hoteleiro.
- b) Escritura ou documento xuridicamente válido de constitución **correspondente ao cliente**, e de nomeamento do representante legal e estatutos debidamente inscritos no rexistro competente e modificacións posteriores destes. **Esta documentación só será necesaria se a consulta que o IGAPE faga ao REAT non identifica ao titular.**
- c) Acreditación, por calquera título válido en dereito, da titularidade do establecemento hoteleiro por parte do solicitante da axuda, como por exemplo a licenza de actividade, comunicación previa substitutiva da mesma, alta no REAT ou semellantes. **Esta documentación só será necesaria se a consulta que o IGAPE faga ao REAT non identifica ao titular.**

Neste momento, a aplicación informática comprobará os seguintes límites:

- Que o cliente non superou o límite de axuda do IGAPE Programa Reforma-Tur
- Que exista crédito.

Os servizos do IGAPE examinarán o formulario e, de ser correcto, reservarán o crédito correspondente. Cando a aplicación informática reflicte o estado de "Crédito reservado" significa que existe crédito

reservado, e indicarse a contía do mesmo. Emitirase un identificador de documento electrónico (IDE, composto de 40 caracteres) que identificará univocamente esta operación.

A partir dese momento xa se pode levar a cabo a operación e facturala cos descontos correspondentes. De non existir crédito, a aplicación non permitirá a presentación de solicitudes que se explica a continuación.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Unha vez facturados e pagados os bens, a entidade colaboradora presentará telemáticamente na aplicación a solicitude de axuda (procedemento IG259) asinada polo beneficiario, mediante o formulario normalizado que se obterá de xeito obrigatorio na citada aplicación informática (anexo III).

Co formulario de remisión da solicitude deberase incluír dixitalmente a seguinte documentación en formato PDF cun tamaño máximo por arquivo individual de 4 MB:

a) Solicitude do beneficiario asinada (anexo II) que se imprimirá por duplicado obrigatoriamente desde a aplicación informática, correspondendo un exemplar ao comprador e outro á entidade colaboradora.

b) Factura xustificativa, que reflicta con claridade os seguintes datos:

1º. Data de emisión

2º. Nome ou Razón social e CIF ou NIF do beneficiario

3º. Descricións dos bens acorde coa solicitude

4º. Importe neto dos bens

5º. Desconto do Programa Reforma-Tur, do comercio, calculado como o 25% do importe neto total. Na factura debe figurar o importe do Desconto, debe aplicarse a detracción ao importe neto total e debe constar seguinte literal:

“Programa Reforma-Tur : 25% de desconto da entidade colaboradora”

6º. Base imponible

7º. IVE e total da base imponible máis IVE

8º. Axuda do Programa Reforma-Tur, do Igape, polo mesmo importe que o desconto. Na factura debe figurar o importe da Axuda, aplicarse a detracción a Base imponible+IVE e constar o seguinte literal:

“Programa Reforma-Tur: Axuda do Igape como cesión de crédito do beneficiario á entidade colaboradora”.

9º. Total que ten que pagar o beneficiario (o beneficiario ten que pagar o total IVE incluído menos a axuda do Igape).

Non se admitirán as facturas que non cumpran co indicado ou que se manipulen manualmente.

c) Xustificante bancario do pagamento. No caso da banca electrónica deberá vir selado pola entidade financeira ou dispoñer dun código para a súa verificación por terceiros na sede electrónica da devandita entidade financeira. No caso de que exista financiamento para o cliente o establecemento deberá conservar o documento xustificativo de que o cobramento da operación se realizou na súa totalidade no prazo establecido polas bases reguladoras Reforma-Tur. A dita documentación xustificativa poderá ser requirida polo Igape durante a tramitación da operación ou en actuacións posteriores de inspección e control. En ningún caso serán gastos subvencionables os gastos financeiros.

Tanto a factura como o xustificante de pago deben reflexar o pago efectivo (ingreso efectivo na conta da entidade colaboradora) entre o día de publicación da convocatoria e o derradeiro día do prazo de xustificación.

A entidade colaboradora non terá dereito ao cobramento do importe que representa a axuda das operacións facturadas ou pagadas antes da data de **publicación da convocatoria de axudas ou despois do último día do prazo de xustificación.**

Solicitudes en espera:

Unha vez que a contía reservada sexa equivalente á cantidade máxima destinada a esta convocatoria, poderán seguirse cubrindo formularios de solicitude de axuda ata o límite de 150.000 €. Estas solicitudes aparecerán no estado “Listaxe de espera (núm. na listaxe)” e, de ser o caso, segundo se vaian liberando fondos como consecuencia da cancelación de actuacións reservadas ou da ampliación de crédito, pasarán ao estado “reservada”.

Concesión:

A concesión das subvencións efectuarase respectando a rigorosa orde da data da solicitude efectuada na aplicación informática. As notificacións realizaranse ás entidades colaboradoras e estas terán a obriga de notificarlles aos beneficiarios das axudas.


Pago

O Igape aboaralle directamente ao establecemento que realizou a operación de compravenda e polo tanto anticipou a subvención do Igape ao beneficiario da axuda, os importes correspondentes ao conxunto de operacións presentadas pola entidade e aprobadas polo Igape, nun prazo medio de 30 días desde a presentación da solicitude de axuda para expedientes sen incidencias, nas contas especificadas polo establecemento no momento da súa adhesión, quedando constancia nos seus rexistros contables de acordo co establecido no artigo 13.2.j) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O pago da axuda por parte de IGAPE dependerá da correcta xustificación da factura e xustificación bancaria do pago. Para garantir que a operación chegue a bo fin, debe cumprir os requisitos para estes documentos recollidos no punto 4 deste documento.

6.- Guía de mensaxes de Estado na aplicación informática

A aplicación informática modeliza o proceso que se mostra na páxina seguinte:



Solicitud en preparación

É o primeiro estado no que se queda a solicitude cando se da de alta na oficina virtual.

A solicitude pode estar neste estado por varios motivos:

- Solicitude incompleta: A entidade colaboradora aínda non pechou os datos do cuestionario
- O prazo de presentación non está aberto ou rematou
- Non existe presuposto para o programa e tamén está esgotado o límite previsto para engadir a solicitude á Lista de espera.

Que debe facer a entidade colaboradora? – Completar a solicitude (si existe presuposto) e pechar o cuestionario inicial

Listaxe de espera

Solicitude presentada correctamente, pero á data actual non hai presuposto por estar todo xa “reservado”. Dende o momento en que todo o presuposto está “reservado” créase unha lista de espera para operacións cun presuposto de 150.000€. Si queda presuposto dispoñible, poría tramitarse a solicitude, se non pasará ao estado de “Rexeitado”

Que debe facer a entidade colaboradora? – Nada, debe esperar a que a solicitude cambie a estados posteriores.

Comprobación de crédito

A solicitude está sendo examinada polo IGAPE para comprobar a súa corrección e a existencia de crédito.

Que debe facer a entidade colaboradora? – Nada, debe esperar a que a solicitude cambie a estados posteriores **e non formalizar a operación de momento**. Do contrario arríscase a facer os descontos e non poder recibir a axuda.

Solicitude Rexeitada

A solicitude rexeitouse por non ser correcta ou non existir crédito.

Que debe facer a entidade colaboradora? – Estado final da operación.

Crédito reservado

Solicitude presentada correctamente, existe crédito dispoñible e queda reservado para esta operación o correspondinte importe.

Que debe facer a entidade colaboradora? – Vender os bens, facturalos e presentar a solicitude formal da axuda.

Solicitud revisada, con incidencia

A solicitude non pode ser aprobada, porque ten calqueira incidencia subsanable. O IGAPE volveu a abrir o cuestionario para a súa corrección.

Que debe facer a entidade colaboradora? – **Corrixir a solicitude. Contactar con reformatur@igape.es se ten dúbidas.**

Nota: cando se subsana a solicitude, volve ao estado “Comprobación de crédito”, como confirmación da recepción.

Expediente presentado, pendente de revisar polo IGAPE

Expediente formalmente presentado. **O IGAPE aínda non puido revisalo.**

Que debe facer a entidade colaboradora? – Nada, debe esperar a que o expediente cambie a estados posteriores.

Expediente revisado, con INCIDENCIA

O expediente non pode ser aprobado, porque ten calqueira incidencia subsanable.

Que debe facer a entidade colaboradora? – **Utilizar o procedemento de subsanación para enviar a documentación requirida. Contactar con reformatur@igape.es se ten dúbidas.**

Nota: cando se subsana o expediente, volve ao estado “Expediente presentado pendente de revisar polo IGAPE”, como confirmación da recepción.

Expediente pendente de resolver (aprobado ou denegado)

A solicitude está revisada e completa. O IGAPE executará o proceso administrativo necesario para resolver formalmente o expediente.

Que debe facer a entidade colaboradora? – Nada. O expediente pasará a algún dos seguintes estados.

Expediente archivado

A solicitude foi arquivada, pode haber varios motivos:

- Non completar o expediente, presentando a documentación requirida en prazo.
- Desestimento do solicitante en calquera momento durante o proceso e antes da resolución
- Renuncia do solicitante a axuda despois da resolución

Que debe facer a entidade colaboradora? – Estado final da operación. En canto apareza na aplicación a resolución, debe notificala ao solicitante.

Expediente denegado

A solicitude foi denegada, por non ser conforme coas bases da convocatoria.

Que debe facer a entidade colaboradora? – Estado final da operación. En canto apareza na aplicación a resolución, debe notificala ao solicitante.

Expediente aprobado pendente de pago

A solicitude foi aprobada, o expediente é correcto e está completo. A entidade colaboradora debe esperar o pagamento.

Que debe facer a entidade colaboradora? – En canto apareza na aplicación a resolución, debe notificala ao solicitante.

Expediente pagado á entidade colaboradora

O IGAPE procedeu ao pago do importe da operación á entidade colaboradora

Que debe facer a entidade colaboradora? – Estado final da operación.

RECORDE para tramitar as axudas:

Para tramitar as axudas, o establecemento de venda debe estar previamente adherido como Entidade Colaboradora. (Procedemento IG258, que se verá a continuación)

O prazo de presentación de solicitudes de axuda comeza o **28/02/2019 e finaliza o 30/04/2019.**

O prazo de execución dos gastos (compras de materiais) finaliza o 30/5/2019, e a xustificación da axuda finaliza o 15/06/2019. Ese día debe estar no IGAPE toda a documentación.

As operacións acollidas a esta convocatoria deben ser solicitadas dentro do prazo de presentación e realizadas e pagadas dende o día da publicación da convocatoria hasta o derradeiro día de prazo de xustificación.

A entidade colaboradora **non terá dereito ao cobramento** do importe que representa a axuda das operacións pagadas ou facturadas **antes da data de publicación da convocatoria de axudas (28/1/2019) ou despois do último día do prazo de xustificación (30/5/2019).**

A adquisición mínima é de 10.000€ antes de impostos.

A contía da axuda será dun 25% sobre o prezo dos bens, impostos excluídos, e antes do desconto realizado polo establecemento de venda, cun máximo acumulado de subvención de 25.000 € por beneficiario e establecemento hoteleiro.

Quedan expresamente excluídos: a man de obra da reforma e os electrodomésticos. Non se considerarán subvencionables os gastos e custos financeiros que sexan consecuencia do investimento nin os gastos realizados en bens usados

O establecemento de venda debe polo menos igualar en importe a axuda do IGAPE, farao en forma de DESCONTO aplicado antes de impostos.

Polo tanto, a rebaixa resultante para o comprador dos bens obxecto de axuda será do 50% da mesma, cos límites expostos, mediante o desconto e a subvención á compra, sen prexuízo de calquera desconto adicional que se puidese obter por políticas concretas de venda ou promocións dos establecementos ou fabricantes.

Poderán ser beneficiarios destas axudas os titulares de:

- a) Establecementos hoteleiros cun máximo de 40 prazas, definidos no Capítulo II, artigo 4 (concepto de hoteis), artigo 6 (concepto de hoteis balneario) e artigo 7 (hotel talaso) do Decreto 57/2016 de 12 de maio situados na Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Os establecementos de Turismo Rural segundo o Decreto 191/2004 de 29 de xullo situados no Camiño de Santiago.
- c) Os albergues privados situados no Camiño de Santiago.

Os establecementos deben estar autorizados ou clasificados conforme establece a normativa turística no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Xunta de Galicia (REAT), cunha antigüidade no exercicio da actividade no establecemento para o que se solicita a subvención non inferior a cinco anos á data de publicación da convocatoria de axuda.

Aos efectos do pagamento polo IGAPE aos establecementos de venda dos importes adiantados:


- O establecemento de venda debe asegurarse que os pagos realizados polos clientes acollidos ao Programa Reforma-Tur 19, realízanse por medios bancarios que permitan a trazabilidade da operación: mediante a identificación da persoa que realiza o pagamento (que debe coincidir co beneficiario da axuda, cliente) e identificación da persoa ou empresa que recibe o pagamento (que debe ser o propio establecemento de venda adherido) o concepto, e a lóxica correspondencia de importe da operación e data.
- Non son válidos os pagos en metálico nin aqueles realizados por medios bancarios que non recollan a información mencionada.
- O 30/5/2019 é o último día do prazo de execución das operacións realizadas. Nesta data deben estar realizado/s o/s pago/s, ingresado na conta do establecemento, o/s importe/s das operacións que se xustifiquen.

A entidade colaboradora deberá custodiar a disposición do IGAPE, durante 5 anos, a documentación relacionada coa axuda, da que debe remitir copia dixitalizada ao IGAPE.

Recorde consultar a aplicación para coñecer o estado das operacións, por exemplo para a enmenda de documentos, coñecer o cambio no estado das solicitudes, esgotamento de crédito...etc.

ANEXO A: EJEMPLOS DE FACTURA CON PROGRAMA REFORMA-TUR

E IMPORTANTE QUE A FACTURA REFLECTE O DESCONTO DO COMERCIO E A AXUDA DO IGAPE CORRECTAMENTE. TAMÉN É IMPRESCINDIBLE QUE INCLÚA A FRASE “Programa ReformaTur-19: Axuda do IGAPE como cesión de crédito do beneficiario ao expedidor da presente factura”. Ver exemplo na páxina seguinte.





Factura

FACTURA Nº	
Data:	
Nome:	
Domicilio:	
Provincia:	
C.I.F o N.I.F.:	

Cliente:
DNI/NIE
Domicilio:
C.P./Municipio/Provincia
Tel:
Email:

CANTIDAD	CONCEPTO	PRECIO UD.	TOTAL
-	-----	-	----
-	-----	-	----
-	-----	-	----
-	-----	-	----
	Suma		12.000,00
	Programa Reforma-Tur19 : 25% de desconto da entidade colaboradora		3.000,00
	Base imponible		9.000,00
	IVA 21%		1.890,00
	Total Factura		10.890,00
	Programa Reforma-Tur19: Axuda do Igape como cesión de crédito do beneficiario á entidade colaboradora		3.000,00
	Importe total a pagar		7.890,00

 (Ctrl) ▾



Firma (e selo) da entidade colaboradora

Pago por transferencia bancaria na conta do Banco YYYY YYYY,...

Código IBAN: ESXX_XXXX XXXX XX XXXXXXXXXX

Indique o número da presente factura no documento de pago